

ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA

(AGADHEMO)

MEMORIA ECONÓMICA 2021

1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE

1.1.- Natureza

A Asociación Galega de Hemofilia (en diante AGADHEMO) é unha entidade sen fins lucrativos que ten como misión conseguir a normalización social e sanitaria e, a mellora na calidade de vida, das persoas con coagulopatías conxénitas e as súas familias, a través da defensa e promoción dos seus dereitos e a prestación de servizos que lles proporcionen unha atención integral.

A consecución dos obxectivos realízase por mediación da propia asociación e das súas delegacións locais, así como colaborando coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, da que forma parte.

O seu domicilio social está localizado en A Coruña, no Hospital Juan Canalejo, Edificio Hotel de pacientes, Xubias de Arriba, 84.

Agadhemo figura inscrita no rexistro correspondente da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, como entidade prestadora de Servizos Sociais.

Ademais no mes de novembro de 2010 foi publicado no DOGA nº212 a declaración de utilidade pública da Asociación Galega de Hemofilia, Orde 26 de outubro.

Forma parte da Federación Mundial de Hemofilia (WFH), a Federación Española de Hemofilia (FEDHEMO), e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade Física (COGAMI).

A asociación non opera con moeda funcional distinta do euro.

A asociación non pertence a ningún grupo de sociedades no sentido expresado no artigo 42 do Código de Comercio, pero sin embargo, esta asociado a Confederación Galega de persoas con discapacidade(Cogami) dende o ano 1998.

1.2.- Actividades realizadas

As actividades realizadas por Agadhemo durante o ano 2021 foron encamiñadas a conseguir unha maior divulgación da problemática da hemofilia e outras coagulopatías conxénitas, ademais de por en contacto a profesionais e persoas afectadas.

O ano 2021, ao igual que o 2020, estivo marcado pola pandemia mundial causada

polo virus do SARS-CoV-2, o que nos levou a manter toda a nosa actividade de forma mixta (presencial e telemática) para poder seguir traballando para as persoas con coagulopatías.

A) Actividades participativas:

☐ A Asemblea Ordinaria da Asociación Galega de Hemofilia, celebrada o 29 de maio Santiago e onde se aprobaron as contas e actividades do 2020 e planificación do 2021.

☐ O 17 de abril celebrouse o Día Mundial da Hemofilia, baixo o lema “Adaptarse ao cambio” realizando as seguintes actividades:

- Entrevistas de prensa a cargo da Xunta Directiva de Agadhemmo e persoas asociadas da entidade.

- Dinamización das actividades programadas a través das redes sociais co Hastag #TodosdeRojo

☐ XLIX Asemblea Nacional da Federación Española de Hemofilia. Celebrouse de forma telemática o 18 de abril.

☐ Campamentos Hemocamp, dende Agadhemmo facilitamos a asistencia a diferentes campamentos ao longo do ano aos que asisten as familias. Este ano celebráronse de xeito virtual.

☐ Cursos formación. Fixéronse 3 cursos: Xestión das emocións (telemático)_5.03.2021 Estas xornadas fixéronse en formato online .Autoestima (presencial) _21.10.2021e por último Autocoidados e Hábitos saudables (presencial)_11.11.2021 tamén presencial.

Este 2021 por mor da pandemia e segundo o principio de prudencia non se realizou.

B) Área de proxectos e actividades.

Actividades formativas

☐ Hemoescola espazos de convivencia e aprendizaxe para pais e nais de nenos con hemofilia. Trátase de mellorar calidade de vida dos nenos e nenas afectados con hemofilia e outras coagulopatías mediante a adquisición de competencias para os proxenitores no eido do tratamento, coidados, atención especializada. No 2021 pasamos a facer reunións en formato mixto(algunhas telemáticas e outras presenciais) na meirande parte do ano. teñen participado 36 familias da entidade. O 27 de novembro organizouse un encontro de familias de xeito presencial nas dependencias de Cogami en Mos.

☐ Campamentos Hemocamp, dende Agadhemmo facilitamos a asistencia a diferentes campamentos ao longo do ano aos que asisten as familias. Divídense en tres grupos:

- Campamentos para nenos/as de 8 a 12 anos: Dirixido a nenos con

hemofilia e as nenas portadoras. Dispoñen de toda a atención necesaria por parte de hematólogos, enfermeiras, fisioterapeutas, psicólogos, educadores, etc. A edición do ano 2020 fíxose a través de plataforma dixital durante unha semana.

- Campamentos para mozos e mozas de 13 a 17 anos: Dirixido a mozos e mozas con hemofilia e /ou outras coagulopatías conxénitas. Realízase habitualmente en Sanxenxo coa colaboración de Agadhemo. A edición do ano 2020 fíxose a través de plataforma dixital.

- Campamentos para familias de nenos recentemente diagnosticados: Dirixido a os pais e nais con fillxs con hemofilia ou outras coagulopatías de ata sete anos, xunto aos seus irmáns, en caso de telos. No 2020 fíxose a través de plataforma dixital durante varios fins de semana sendo un éxito de participación.

- ☐ HemoVivencias. Xornadas de convivencias de un fin de semana para as familias con nenos e nenas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas. Dado que esta actividade require presencialidade, e que dende Agadhemo decidimos seguirmos polo principio de prudencia e preservas a saúde das persoas socias, finalmente non se realizou.

- ☐ O SAP-Hemo O proxecto Atención psicolóxica para persoas con hemofilia, coagulopatías conxénitas e as súas familias dirixese ás persoas afectadas con hemofilia e/ou coagulopatías conxénitas. O obxectivo xeral Prestar un servizo de atención psicolóxica especializado na enfermidade da hemofilia e outras coagulopatías, así como apoiar a outros xa existentes.

- ☐ CapacitHemos. Programa de formación e de atención socio-sanitaria e fisioterapéutica para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas. O obxectivo xeral é a mellora da calidade de vida das persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas que residan en Galicia. Baséase na atención individualizada e/ou grupal aos afectados e ás súas respectivas familias, mediante a prestación de diferentes servizos e accións dirixidas e encamiñadas a impulsar condutas preventivas e a capacitación socio-sanitaria.

- ☐ Proxecto W .Conseguir unha mellora na calidade de vida das persoas coa enfermidade de Von Willebrand, a través do acceso á información.

- ☐ Hemoxornadas: Escolas de Formación. Son xornadas formativas e informativas en materia tratamentos e enfermería ao redor de hemofilia e outras coagulopatías conxénitas. un dos principais obxectivos e ofrecer servizos complementarios aos que poidan recibir no sistema público. Realizáronse pequenos grupos fomentando en maior medida a aprendizaxe e a participación de todas as persoas asistentes. No 2021 pasamos a facer reunións telemáticas na meirande parte do ano.

- ☐ Igualhemos, Xornada Formativa para mulleres portadoras de Hemofilia e Mulleres con enfermidades coagulopáticas. Para mellorar a calidade de vida das mulleres portadoras de hemofilia e con outras coagulopatías conxénitas, favorecendo a súa posición de igualdade en materia de información, formación, atención, orientación e

asesoramento, para favorecer a súa participación na vida asociativa.

Formación continuada

- ☐ Seminarios de acceso a medicación. Celebrouse o 10 de Xuño Maio. Tratouse de unha xornada formativa sobre o acceso a medicamentos en España.
- ☐ Xornada sobre Mulleres con coagulopatías da SEHH Celebrouse o 25 de xuño ,onde se falou das problemáticas das mulleres con coagulopatías, e onde se presentou o Rexistro Nacional de Trastornos Hemorráxicos Pouco Frecuentes (RBD) e Mulleres en Idade Fértil.
- ☐ Proxecto Dor. Participamos nun estudo Investigación y Fisioterapia en hemofilia que organizou InHeFis, con dous grupos e un total de 12 persoas. O obxectivo era validar diferentes exercicios para a mellora articulas de pacientes con coagulopatías a través dunha APP.
- ☐ Wfh Global Summit On Women And Girls With . Os días 8, 9 e 10 de xuñoa Federación Mundial de Hemofilia celebrou o segundo Congreso mundial sobre mulleres e nenas con trastornos da coagulación hereditarios. Este evento permitiu as persoas participantes coñecer máis acerca da maneira na que os trastornos da coagulación afectan a mulleres e nenas, e abordar os desafíos do seu diagnóstico. Contribuíu tamén a que as participantes adquiran unha maior conciencia do estigma e o illamento que con frecuencia sofren as pacientes, e a coñecer o labor das ONM a fin de incrementar a conciencia e avogar por este grupo de mulleres e nenas. Todas as persoas desexan ser escoitadas e sentirse recoñecidas.

Apoio Asociativo

- ☐ Saluditinere, Servizo de dispensación de medicamentos a domicilio para persoas con hemofilia . Este proxecto pretende mellorar a calidade de vida das persoas con hemofilia e outras coagulopatías facilitando o acceso á medicación.
- ☐ ApoiHemos, programa de apoio psicolóxico e físico para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida das persoas hemofílicas e con calquera outra coagulopatía conxénita, a través da adquisición de competencias no campo do tratamento, os coidados e a atención especializada, para así aumentar a súa autonomía, paliar as posibles limitacións que poidan sufrir e favorecer a súa rehabilitación e integración.

C) Área de Servizos

Atención e información

- ☐ Atendhemos, Servizo de atención a persoas con coagulopatías conxénitas na provincia de Lugo, dende o seu nacemento no ano 2012, para prestar atención específica aos seus asociados da provincia de Lugo e en especial das zonas rurais.

□ SAIP, Servizo de Atención e Información Permanente (SAIP) naceu xa no ano 2001. O seu obxectivo principal é o de prestar asesoramento psicosocial e información as persoas socias, así como acompañamento e apoio nos procesos médicos e legais. Entre a oferta de servizos especializados atópanse: o servizo de asesoramento legal, os grupos de Asesoramento Mutuo (GAM), o servizo de acompañamento, e a campaña de sensibilización e difusión.

□ Volunthemo, o traballo do voluntariado da Asociación Galega de Hemofilia, parte dunha premisa fundamental: o desenvolvemento anual do proxecto VolunHemo, que tenta consolidar e manter o servizo de voluntariado dende unha perspectiva de calidade e atención especializada ó colectivo de persoas con hemofilia de Galicia. Actualmente Agadhemo conta con oito persoas voluntarias permanentes e 4 puntuais que dan apoio as actividades da asociación. Durante o 2021 decidimos que as persoas voluntarias non acudiran a actividades para evitar así contaxios.

Servizos

□ Fisioterapia. A inicios do ano 2020 asinamos un convenio con COGAMI mediante o cal as persoas socias de AGADHEMO poden recibir servizos de fisioterapia nas dependenzas de COGAMI en Santiago e Vigo. Así como coa asociación Vontade do baixo miño. As fisioterapeutas que traballan alí foron previamente formadas en hemofilia e coagulopatías. No 2021 houbo un total de 191 sesións.

□ Traballo Social. AGADHEMO conta co Servizo de Traballo Social desde hai máis de 10 anos. Durante o 2020 foi un departamento esencial. Este ano especialmente os niveis de incerteza, a falta de información e o retraso nas consultas fixo mais necesaria a comunicación directa con este Servizo. de intervención social. No 2021 Houbo un total de 7 intervencións presenciais), e 43 telemáticas.

□ APS: Apoio Psicolóxico. Traballase con diferentes gabinetes de psicoloxía para poder dar cobertura as necesidades das persoas en todo o territorio galego. Durante o 2021 déronse 100 sesións, ao longo do ano

□ O piso fogar dá servizo as persoas asociadas e ás súas familias cando necesitan de hospitalización no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC) para algunha intervención (transplante hepático, próteses, etc.), ou calquera outra asistencia sanitaria. Este recurso, debido a mellora do sistema sanitario galego e a súa homoxeneización, tratándose as persoas nas súas correspondentes áreas sanitarias, cada vez se utiliza menos por parte das persoas socias de Agadhemo, polo que no ano 2019 asinou un convenio coa Asociación Galega de Fibrose Quística (FQG) e coa Asociación de persoas afectadas por silicose (OSILICE). Estas dúas entidades representan a persoas que requiren un alto nivel de hospitalización e transplante polo que se cede o piso fogar as persoas afectadas e as súas familias . Para Agadhemo o traballo en rede con entidades afíns e a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e un dos seus principais fins.

D) Área de comunicación e difusión

□ Boletín, revista Fedhemo

- ☐ Boletín “Bidah” de AGADHEMO
- ☐ Páxina web e redes sociais
- ☐ Congresos, charlas e seminarios
- ☐ Reunións con diferentes axentes como administración pública, empresas privadas para a difusión das coagulopatías e búsqueda de alianzas.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DE CONTAS

2.1.-Imaxe fiel do patrimonio

a) *Imaxe fiel*

As contas anuais do exercicio 2021 foron elaboradas a partires dos rexistros contables da Asociación a 31 de decembro de 2021 e, nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos na Resolución do 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de Pemes das entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable. A mosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Asociación.

b) *Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable*

A Asociación Agadhemo aplica as disposicións legais en materia contable. Coa finalidade de ofrecer a mellor imaxe fiel, non foi necesaria a non aplicación de principios ou normas contables xeralmente aceptadas e de obrigado cumprimento.

c) *Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel*

A Asociación non aporta información complementaria adicional necesaria para a obtención da imaxe fiel do patrimonio.

2.2.- Principios contables non obrigatorios aplicados

Aplícanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade, e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos nin aplicaren outros alternativos.

2.3.-Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

AGADHEMO elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista algún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais axuntas usáronse estimacións realizadas pola dirección da entidade, referidos basicamente á vida útil dos inmovilizados materiais e intanxibles. No caso de que no futuro deban ser cambiadas estas estimacións por un meirande coñecemento, axustaríanse de maneira prospectiva os valores contables afectados.

É posible que, a pesares destas estimacións realizadas en función da mellor información dispoñible á data de formulación das contas anuais sobre feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos de cambios de estimación nas correspondentes contas de perdas e ganancias futuras.

Para iso o órgano do goberno considerou a situación de alarma sanitaria pola pandemia xerada polo COVID-19 no momento da formulación das contas anuais e os seus posibles efectos na entidade, non existindo risco de continuidade dado que están comprometidos, a data da sinatura destas contas anuais, o 79% dos ingresos previstos.

2.4.- Comparación da información

A Asociación non modificou a estrutura do balance, nin da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior. Ademais tampouco se modificou do ano anterior a este, ningún criterio contable con impacto nas contas anuais. A información do exercicio que se informa e comparable coa do exercicio anterior que se mostra nos estados financeiros adxuntos.

2.5.- Elementos recollidos en varias partidas

Existen débedas con entidades de crédito por préstamos, os seus saldos preséntanse desgregadas a longo e a curto prazo tal e como aparecen na nota de pasivos financeiros da presente memoria.

2.6.- Cambios en criterios contables

Non houbo cambios en criterios contables.

2.7.- Corrección de erros

Na conta de Reservas por erros de anos anteriores se recolleron os gastos e ingresos non recollidos en exercicios anteriores, así como regularizacións de saldos de erros de exercicios anteriores.

En cómputo global, supuxo unha variación patrimonial de -4.259,96€ (-476,90€ en 2020)

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

3.1.- Análise das principais partidas que forman o excedente do exercicio

No exercicio 2021 a entidade tivo un beneficio de 23,232,51€

3.2.- Información sobre a proposta de aplicación contable do resultado do exercicio

A Xunta Directiva da Asociación Hemofilia propondrá a aprobación da distribución de resultados do exercicio terminado o 31 de decembro de 2021 que se indica na seguinte forma:

2.021	
BASE DO REPARTO	IMPORTE
Resultado do exercicio	23.232,51
Remanente	0,00
Reservas voluntarias	0,00
Outras reservas de libre disposición	0,00
TOTAL.....	23.232,51
APLICACIÓN	IMPORTE
A fondo social	23.232,51
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	
A compensar resultados negativos de exercicios anteriores	
TOTAL.....	23.232,51

3.3.- Información sobre as limitacións para a aplicación dos excedentes de acordo coas disposicións legais

Non hai limitacións para a aplicación dos excedentes proposta no apartado 3.2.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

4.1. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible recoñecese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para la Asociación no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumpre co criterio de identificabilidade, isto é, o inmobilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:

- Ser separable, isto é, susceptible de ser separado da entidade e vendido,

cedido, entregado para a súa explotación, arrendado o intercambiado.

- Xurda de dereitos legais ou separables da Asociación ou doutros dereitos ou obrigas.

A amortización do inmovilizado intanxible faise segundo a vida útil estimada dos elementos. O tipo aplicado para estes elementos é do 25%.

4.2. Inmovilizado material

O inmovilizado material recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a entidade no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Presentase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoña una prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, recoñecese como gastos do exercicio no que se producen.

A dotación anual á amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. A vida útil estimada por partidas de inmovilizado material foron as seguintes (en porcentaxes):

Inmovilizado material	% de depreciación
Construcións.....	2 %
Instalacións técnicas.....	10%
Mobiliario.....	10%
Equipos procesos información..	25%
Outro inmob. material	25%

A Asociación clasifica como investimentos inmobiliarios aqueles activos non correntes que son inmoables non afectos á actividade, e que producen rendas pola vía do aluguer ou estivesen adicados a obter plusvalías coa súa venda. Neste senso, o importe incorporado a esta partida refírese a un local na Coruña sita na Avenida de Orillamar en Coruña.

Durante o exercicio 2021 non existiron contratos de arrendamento financeiro vixentes.

4.3. Terreos e construcións como investimentos inmobiliarios

Os terreos e construcións consideradas como inversións inmobiliarias son os que se mencionaron no apartado anterior.

4.4. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

A Asociación Agadhemo non posúe bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.5. Permutas

Durante o exercicio económico 2021 non existen permutas.

4.6. Créditos e débitos pola actividade propia

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

➤ **Activos financeiros:**

Os activos financeiros valóranse inicialmente polo seu valor razoable, incluíndo en xeral os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. A efecto da súa valoración posterior, os activos financeiros inclúense entre as categorías seguintes:

- *Activos financeiros a custo amortizado:* os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano. Neste epígrafe, inclúense tamén os saldos pendentes de cobrar de subvencións outorgadas á Asociación Galega de Hemofilia independentemente de que as mesmas estean executadas ou aínda non executadas, en ámbolos dous casos recóllese a débeda pola subvención concedida que se estima cobrar sempre nun prazo inferior ao ano. Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo coste, que equivalerá ao valor razoable da contra prestación entregada máis os costes da transacción. Os intereses devengados contabilizaranse na conta de resultados, aplicando o método do tipo de interese efectivo.
- *Activos financeiros mantidos para negociar:* inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- *Activos financeiros a custo:* constituídas fundamentalmente por participacións no capital de certas sociedades, a fin de exercicio avalíase a recuperabilidade futura da inversión, deteriorando o valor da inversión en caso de que non sexa recuperable. Tamén se inclúen nesta categoría os demais instrumentos de patrimonio salvo que sexan clasificados na anterior categoría.

➤ **Pasivos financeiros:**

A entidade clasifica os seus pasivos nas categorías de:

- *Pasivos a custo amortizado*: valorados inicialmente polo coste, que equivalerá ao valor razoable da contra prestación recibida axustado polos costes da transacción. Esta categoría intégrana:
 - a) *Débitos e partidas a pagar a entidades financeiras*: valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que equivale ao importe recibido deducidos os custos de transacción, e posteriormente polo seu custo amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias aplicando o método do tipo de interese efectivo.
 - b) *Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais e outras con vencemento non superior a un ano*: valóranse polo seu valor nominal.
- *Pasivos financeiros mantidos para negociar*: Considerarase que un pasivo financeiro posúese para negociar cando sexa un instrumento financeiro derivado segundo se define na norma sobre activos financeiros, sempre que non sexa un contrato de garantía financeira nin fora designado como instrumento de cobertura. En ningún caso a entidade poderá reclasificar un pasivo financeiro incluído inicialmente nesta categoría a de pasivos financeiros a coste amortizado, nin viceversa. Estes pasivos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

4.7. Existencias

A Asociación Agadhemo a 31/12/2021 non posúe existencias en almacén.

4.8. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido.

4.9. Fusións entre entidades non lucrativas

A Asociación Agadhemo durante o ano 2021 non realizou fusións entre entidades non lucrativas.

4.10. Imposto sobre beneficios

Durante o exercicio económico 2021 as fontes de ingresos da Asociación Agadhemo consistiron fundamentalmente en subvencións e doazóns ou aportacións de

patrocinadores/colaboradores, así como das cotas das persoas asociadas e afiliadas.

Ao ser a Asociación Agadhemo unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.2 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

4.11. Provisións e continxencias

Durante o ano 2021 dotouse unha provisión pola dúbida sobre o cobro dun contrato do patrocinador CSL Bering, polo que se dotou unha provisión por 2.500€, que é o importe que se estima dubidoso de cobro relativo ao rexistrado contablemente no ano 2020.

4.12. Subvencións, doazóns e legados

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto, e recoñécense na conta de Perdas e Ganancias como ingresos, sobre unha base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión, se cumpran as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables para a súa recepción. As subvencións para actividades de realización plurianuais considéranse como *Débedas transformables en subvencións* pola parte non executada do total concedido.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

a) Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.

b) Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.

c) Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como

ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.

d) Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se consegue ese fin.

4.13. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas

A Asociación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razoables, tal e como establece a norma xeral.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSTIMENTOS INMOBILIARIOS

Durante o ano 2021 os movementos que houbo nas contas incluídas neste epígrafe e nas súas correspondes a amortizacións son os seguintes:

5.1. Inmobilizado intanxible

O movemento e saldos os dous últimos anos no immobilizado intanxible é:

	Aplicacións Informáticas	TOTAIS
Saldo inicial bruto exercicio 2020	5.175,76	5.175,76
Altas do exercicio		
Baixas do exercicio		
Saldo final bruto exercicio 2020	5.175,76	5.175,76
Amortización acumulada inicio 2020	5.175,76	5.175,76
Dotación amortización 2020		
Diminuicións por saídas, baixas, reducións ou traspasos		
Amortización acumulada final 2020	5.175,76	5.175,76
Saldo final VNC exercicio 2020	0,00	0,00
Saldo inicial bruto exercicio 2021	5.175,76	5.175,76
Altas do exercicio		
Baixas do exercicio		
Saldo final bruto exercicio 2021	5.175,76	5.175,76
Amortización acumulada inicio 2021	5.175,76	5.175,76
Dotación amortización 2021		
Diminuicións por saídas, baixas, reducións ou traspasos		
Amortización acumulada final 2021	5.175,76	5.175,76
Saldo final VNC exercicio 2021	0,00	0,00

As aplicacións informáticas están compostas dunha aplicación de xestión (577,25 €) e dun sitio WEB da asociación (4.598,51 €).

Memoria Económica 2021

A asociación non conta con elementos de inmovilizado intanxible con vida útil indefinida.

A asociación non conta con elementos de inmovilizado intanxible suxeito a arrendamentos financeiros ou operacións de carácter similar.

Sobre o inmovilizado intanxible, non se practicou ningunha corrección valorativa.

Non existen restricións na disposición dos bens e dereitos recollidos no inmovilizado intanxible.

5.2. Inmovilizado material

O movemento e saldos dos dous últimos anos no inmovilizado material é:

	Terrenos e Construcións	Instalacións Técnicas, Maquinaria, Utillaxe e outras instalacións	Mobiliario	Equipos informáticos	Outro Inmovilizado	TOTAIS
Saldo inicial bruto exercicio 2020	229.220,72	24.378,02	32.686,09	23.728,27	1.700,36	311.713,46
Altas do exercicio						0,00
Saídas do exercicio						0,00
Traspasos do exercicio						0,00
Saldo final bruto exercicio 2020	229.220,72	24.378,02	32.686,09	23.728,27	1.700,36	311.713,46
Amortización acumulada inicio 2020	36.086,05	23.130,58	29.095,66	23.087,10	1.700,36	113.099,75
Dotación amortización 2020	3.897,98	213,24	768,24	351,47	0,00	5.230,93
Diminuos, saídas, baixas, u traspasos					0,00	0,00
Amortización acum. final 2020	39.984,03	23.343,82	29.863,90	23.438,57	1.700,36	118.330,68
Saldo final VNC exercicio 2020	189.236,69	1.034,20	2.822,19	289,70	0,00	193.382,78
Saldo inicial bruto exercicio 2021	229.220,72	24.378,02	32.686,09	23.728,27	1.700,36	311.713,46
Altas do exercicio					239,00	239,00
Saídas do exercicio						0,00
Traspasos do exercicio						0,00
Saldo final bruto exercicio 2021	229.220,72	24.378,02	32.686,09	23.728,27	1.939,36	311.952,46
Amortización acumulada inicio 2021	39.984,03	23.343,82	29.863,90	23.438,57	1.700,36	118.330,68
Dotación amortización 2021	3.898,09	213,21	732,38	257,58	32,86	5.134,12
Diminuos, saídas, baixas, u traspasos						0,00
Amortización acum. final 2021	43.882,12	23.557,03	30.596,28	23.696,15	1.733,22	123.464,80
Saldo final VNC exercicio 2021	185.338,60	820,99	2.089,81	32,12	206,14	188.487,66

No ano 2013 adquiriuse un local sito en Vigo na rúa Doutor Carracido. Este local adquiriuse por importe de 60.000,00 € (valor real 70.240,00 € valor de compra máis

gastos) a través dun préstamo ICO financiado coa entidade bancaria Bankia (actual Caixabank dende a súa fusión no 2021) por importe de 40.000,00 €.

5.3. Inmovilizado inmobiliario

O movemento e saldos dos dous últimos anos no inmovilizado inmobiliario é:

	Inversións Inmobiliarias	TOTAIS
Saldo inicial bruto exercicio 2020	30.351,11	30.351,11
Altas do exercicio		
Baixas do exercicio		
Saldo final bruto exercicio 2020	30.351,11	30.351,11
Amortización acumulada inicio 2020	5.002,86	5.002,86
Dotación amortización 2020	261,00	261,00
Diminuicións por saídas, baixas, reducións ou traspasos		
Amortización acumulada final 2020	5.263,86	5.263,86
Saldo final VNC exercicio 2020	25.087,25	25.087,25
Saldo inicial bruto exercicio 2021	30.351,11	30.351,11
Altas do exercicio		
Baixas do exercicio		
Saldo final bruto exercicio 2021	30.351,11	30.351,11
Amortización acumulada inicio 2021	5.263,86	5.263,86
Dotación amortización 2021	261,04	261,04
Diminuicións por saídas, baixas, reducións ou traspasos		
Amortización acumulada final 2021	5.524,90	5.524,90
Saldo final VNC exercicio 2021	24.826,21	24.826,21

Trátase dun local comercial sito en Avda. Orillamar (A Coruña), de aproximadamente 67 metros cadrados, adquirido no ano 2000. Durante o ano 2021 mantense alugado, obténdose uns ingresos brutos por este concepto de 2.479,32€, (2.479,32€ no 2020).

6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen saldos dentro das partidas de balance incluídas dentro deste epígrafe.

7. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA.

As cotas de socios/afiliados e outros debedores da actividade propia contabilízanse aplicando o principio de devengo independentemente do momento do cobro das mesmas.

A partida de usuarios/afiliados recolle as cotas dos afiliados. Os movementos habidos durante o ano son os seguintes:

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Usuarios	1.533,80	278,00	1.321,80	490,00
Afiliados e outros debedores	5.925,90	18.444,00	20.984,90	3.385,00
Patrocinadores	8.530,00	55.000,00	43.280,00	20.250,00
Deterioro valor créditos patrocinadores		-2.500,00		-2.500,00
TOTAIS	15.989,70	71.222,00	65.586,70	21.625,00

8. BENEFICIARIOS-ACREDORES

Non existen partidas recollidas no epígrafe C.IV do pasivo de balance “Beneficiarios-Acredores”.

9. ACTIVOS FINANCEIROS E USUARIOS DEBEDORES

A entidade non dispón de Activos financeiros a longo prazo de ningún tipo.

Os activos financeiros a curto prazo teñen a seguinte clasificación:

Clases Categ.	Instrumentos financieros a largo prazo		Instrumentos financeiros a corto prazo		TOTAIS
	<i>Instrumentos de patrimonio</i>	<i>Créditos</i>	<i>Instrumentos de patrimonio</i>	<i>Créditos</i>	
2.021					
Préstamos e partidas a cobrar:				125.056,17	125.056,17
TOTALES:	0,00	0,00	0,00	125.056,17	125.056,17
2.020					
Préstamos e partidas a cobrar:				149.132,98	149.132,98
TOTALES:	0,00	0,00	0,00	149.132,98	149.132,98

9.1. Desagregación de categorías de activos financeiros

Memoria Económica 2021

Activos financeiros a curto prazo:

** Activos a custe amortizado Préstamos e partidas a cobrar:*

Concepto	Saldo 2021	Saldo 2020
Debedores por subvencións correntes (de actividades) a cobrar	18.746,87	19.342,71
Patrocinadores	17.750,00	8.530,00
Usuarios e afiliados	3.875,00	7.459,70
Debedores entidades vinculadas	62,00	250,00
Imposicións a curto prazo e Fondos de Inversións	81.592,40	112.250,55
Anticipos Remuneracións traballadores	1.561,14	0,00
Periodificacións a curto prazo	1.468,76	1.300,02
Totais	125.056,17	149.132,98

O detalle dos debedores por subvencións é como sigue:

Debedores por subvencións correntes	Saldo 2021	Saldo 2020
Xunta Galicia Cooperación FSE	-203,76	3.560,40
Deputación da Coruña	6.553,52	5.522,09
Deputación de Ourense	1.150,00	
Deputación de Lugo	5.000,00	5.000,00
Deputación de Pontevedra	3.400,87	3.315,16
Concello de Vigo	1.381,14	153,44
Concello de Coruña	38,10	34,62
Concello de Ferrol	1.200,00	1.200,00
